

Radiografía trimestral do mercado laboral galego

ÍNDICE

Enquisa de Poboación Activa (EPA)	5
Afiliación á Seguridade Social	17
Contratos rexistrados	21
Paro rexistrado	25
Protección por desemprego	29
Conclusións	35

Elaborado polo Gabinete Económico e coordinado pola Secretaría de Emprego

Xaneiro de 2019



Poboación ocupada

No cuarto trimestre de 2018 creáronse 32 300 empregos en relación co mesmo trimestre do ano anterior (un 3,06 %), e o número de persoas ocupadas chegou a 1 088 100. O incremento é moi similar ao que se produciu na media estatal (un 3,06 % fronte ao 2,98 %).

Por outra banda, a creación de emprego tamén se intensificou no 2018. O número de persoas ocupadas aumentaba en 6200 no cuarto trimestre de 2017 en relación co mesmo trimestre do ano anterior (un 0,59 %) e un ano antes facíao en 17 100 persoas (un 1,66 %).

Malia esa evolución positiva, aínda quedan por recuperar 108 300 empregos para alcanzar o nivel de ocupación de hai dez anos. En Galicia, o número de persoas con traballo aínda é un 9,05 % inferior ao de hai unha década; a porcentaxe baixa ata o 2,45 % na media estatal. No cuarto trimestre de 2018, a poboación ocupada en Galicia representaba o 5,56 % no total estatal fronte ao 5,97 % dez anos antes.

TÁBOA 1. POBOACIÓN OCUPADA EN GALICIA E EN ESPAÑA

IV trimestre	Galicia		España	
	Poboación ocupada	Variación anual	Poboación ocupada	Variación anual
2008	1.196.400	—	20.055.300	—
2009	1.142.200	-4,53 %	18.890.400	-5,81 %
2010	1.097.000	-3,96 %	18.674.900	-1,14 %
2011	1.080.400	-1,51 %	18.153.000	-2,79 %
2012	1.033.800	-4,31 %	17.339.400	-4,48 %
2013	1.002.600	-3,02 %	17.135.200	-1,18 %
2014	1.000.400	-0,22 %	17.569.100	2,53 %
2015	1.032.500	3,21 %	18.094.200	2,99 %
2016	1.049.600	1,66 %	18.508.100	2,29 %
2017	1.055.800	0,59 %	18.998.400	2,65 %
2018	1.088.100	3,06 %	19.564.600	2,98 %

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

No último ano (4.º trimestre do 2018-4.º trimestre do 2017), o aumento do emprego foi bastante similar en ambos os sexos: 16 700 ocupados máis (un 3,0 %) e 15 700 ocupadas máis (un 3,1 %). Porén, aos homes quedalles máis percorrido para recuperar todo o emprego que se destruíu durante a crise.

Polo tanto, os homes foron os máis prexudicados mentres se destruíu emprego e agora que se está a crear tamén van por detrás das mulleres. Desde o cuarto trimestre de 2014 (cando se alcanzou a cifra máis baixa de poboación ocupada nun cuarto trimestre na última década) creáronse 87 700 empregos e algo máis da metade foron

para mulleres (o 51,43 %). En comparación con hai dez anos, traballan en Galicia 108 300 persoas menos, e 91 200 son homes.

Con todo, segue habendo menos ocupadas ca ocupados. A taxa de ocupación (porcentaxe de poboación ocupada sobre a poboación de 16 e máis anos) das mulleres no cuarto trimestre de 2018 era 8,2 puntos porcentuais inferior á dos homes (42,7 % fronte a 50,9 %). A diferenza acurtouse bastante en comparación co mesmo trimestre de 2008, pero esa maior converxencia débese, sobre todo, a que a taxa de ocupación dos homes caeu moito (retrocedeu 6,4 puntos porcentuais, mentres que a das mulleres diminuíu 0,1 puntos porcentuais).

TÁBOA 2. OCUPACIÓN POR SEXO

4º TRIMESTRE				
Poboación ocupada	2018	2017	2014	2008
Homes	568.300	551.600	525.700	659.500
Mulleres	519.800	504.100	474.700	536.800
Ambos os sexos	1.088.100	1.055.800	1.000.400	1.196.400
Taxa de ocupación	2018	2017	2014	2008
Homes	50,9	49,4	46,4	57,3
Mulleres	42,7	41,4	38,5	42,8
Ambos os sexos	46,6	45,2	42,3	49,7

Fonte: elaboración propia sobre datos do epa

Os grupos de idade afectados pola diminución de ocupación no último ano son os que abranguen o tramo de 30 a 39 anos (5700 persoas ocupadas menos ca no cuarto trimestre de 2017) e o de 65 ou máis anos (600 menos). Pola contra, o maior incremento da poboación ocupada, en cifras absolutas, deuse no de 55 a 59 anos (11 700 persoas ocupadas máis, un 10,5 %).

O envellecemento da poboación ocupada vai a máis. No cuarto trimestre de 2018 estaban ocupadas 206 000 persoas de 55 ou máis anos, un 25 % máis ca hai dez anos (tómase como referencia 2008 porque foi cando se alcanzou a cifra máis alta de ocupación en Galicia nun cuarto trimestre na última década). Nesa franxa de idade, hai 40 800 persoas máis ocupadas ca no cuarto trimestre de 2008 fronte a unhas 149 000 menos menores desa idade. A porcentaxe de persoas de 55 ou máis anos sobre o total da ocupación tende á alza: representaban o 18,9 % no cuarto trimestre de 2018 fronte ao 18,2 % un ano antes e o 13,8 % dez anos antes.

Porén, a poboación ocupada de 30 a 39 anos mantense por baixo das cifras do cuarto trimestre de 2014 (nese ano alcanzouse a cifra máis baixa de ocupación nun cuarto trimestre na última década). No cuarto trimestre de 2018 había 262 300 persoas ocupadas desa idade, son 27.600 menos ca catro anos antes.

No cuarto trimestre de 2018, o 3,5 % de persoas ocupadas eran menores de 25 anos (6,7 % dez anos antes), o 77,5 % tiñan entre 25 e 54 anos (79,5 % no cuarto trimestre de 2008) e o restante 18,9 % tiña 55 ou máis anos (13,8 % no 2008).

O incremento da ocupación dos doce últimos meses (4.º trimestre de 2018-4.º trimestre de 2017) concentrouse na construción (un 2,0 % máis) pero, sobre todo, nos servizos (un 5,4 %). Porén, pérdese emprego no sector primario e na industria.

TÁBOA 3. POBOACIÓN OCUPADA POR TIPO SECTOR

IV TRIMESTRE	PRIMARIO	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS	TOTAL
2008	93.400	210.200	121.600	771.200	1.196.400
2009	90.200	183.500	117.200	751.300	1.142.200
2010	88.900	168.500	101.200	738.400	1.097.000
2011	79.400	173.900	86.500	740.500	1.080.400
2012	78.300	160.000	75.200	720.300	1.033.800
2013	73.200	152.100	67.100	710.300	1.002.600
2014	63.300	155.400	67.600	714.100	1.000.400
2015	65.600	159.300	75.300	732.400	1.032.500
2016	77.400	165.500	70.200	736.500	1.049.600
2017	73.300	173.300	65.700	743.500	1.055.800
2018	67.900	169.700	67.000	783.400	1.088.100

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

Os servizos, con 783 400 persoas ocupadas no cuarto trimestre de 2018, é o sector que máis pulo lle está dando á recuperación do emprego. Desde o cuarto trimestre de 2013 (ano en que se alcanzou a cifra máis baixa de ocupación nos servizos na última década) creáronse 73 100 empregos no sector e, deles, 39 900 no último ano. A poboación ocupada nos servizos supera a de hai dez anos (12 200 persoas ocupadas máis) e a súa representación no total do emprego subiu desde o 64,5 % no cuarto trimestre de 2008 ata o 72,0 % no mesmo trimestre de 2018.

Na industria perdéronse 3600 empregos no último ano (-2,1 %). No cuarto trimestre de 2018, este sector ocupaba 169 700 persoas; son 17 600 máis ca cinco anos antes (no cuarto trimestre de 2013 tamén foi cando se acadou a cifra máis baixa de ocupación na industria) pero aínda quedan por recuperar 40 500 empregos para chegar ao nivel de ocupación de 2008. A industria abrangúa o 17,6 % da poboación ocupada no cuarto trimestre de 2008; dez anos despois, esa porcentaxe baixaba ata o 15,6 %.

A construción empregaba 121 600 persoas no cuarto trimestre de 2008 (10,2 % da poboación ocupada); dez anos despois ocupaba 67 000 persoas (o 6,2 % da poboación ocupada). O menor número de persoas empregadas na construción nun cuarto trimestre na última década dáse no 2017 con 65 700; desde aquela creáronse 1300 empregos.

No sector primario (agricultura e pesca) perdéronse 5.400 empregos no cuarto trimestre de 2018 en relación co mesmo trimestre do ano anterior. Un ano antes xa se

destruíran outros 4100 empregos. No cuarto trimestre de 2018 traballaban no sector primario 67 900 persoas (4600 máis ca catro anos antes, que rexistraba a cifra máis baixa de ocupación do período analizado) que representaban o 6,2 % da poboación ocupada en Galicia (fronte ao 7,8 % dez anos antes), a porcentaxe máis baixa alcanzada nun cuarto trimestre da última década.

Atendendo ao tipo de xornada (táboa 4), a maioría dos empregos recuperados nestes catro últimos anos foron a xornada completa. Non obstante, no último ano, en proporción, aumentou máis a poboación ocupada a xornada parcial (12 700 persoas ocupadas máis, 9,2 %) que a de xornada completa (19 700 ocupadas máis, un 2,1 %). Así, a representación da xornada parcial na ocupación incrementouse do 13,1 % no cuarto trimestre de 2017 ao 13,9 % un ano máis tarde.

TÁBOA 4. POBOACIÓN OCUPADA POR TIPO DE XORNADA

IV TRIMESTRE	COMPLETA	PARCIAL	TOTAL	(PARCIAL/TOTAL)*100
2009	1.017.600	124.500	1.142.200	10,9 %
2010	967.600	129.500	1.097.000	11,8 %
2011	951.800	128.600	1.080.400	11,9 %
2012	889.500	144.300	1.033.800	14,0 %
2013	852.100	150.600	1.002.600	15,0 %
2014	850.400	150.000	1.000.400	15,0 %
2015	890.900	141.600	1.032.500	13,7 %
2016	903.100	146.500	1.049.600	14,0 %
2017	917.500	138.200	1.055.800	13,1 %
2018	937.200	150.900	1.088.100	13,9 %

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

A poboación ocupada a xornada parcial ten unha distribución moi desemeillante segundo o sexo. Os empregos a tempo parcial ocúpanos maioritariamente mulleres: o 77 % no cuarto trimestre de 2018 (116 500 ocupadas fronte a 34 400 ocupados). Nese mesmo trimestre, o 22,4 % das traballadoras en Galicia tiña un contrato a tempo parcial fronte a 6,1 % de traballadores.

Atendendo á idade, o colectivo de 16 a 29 é o máis representado na xornada parcial, cun 26,6 % no cuarto trimestre de 2018 (o 13,9 % no conxunto da poboación ocupada).

A xornada parcial é involuntaria na maioría dos casos: o 57 % das persoas que a aceptaron é porque non atoparon un traballo a xornada completa, mentres que só o 7 % afirmou non querer un traballo a xornada completa. O resto das persoas que están ocupadas a xornada parcial é por outros motivos: estudos, enfermidade ou incapacidade propia, obrigas familiares ou persoais, etc.

Poboación asalariada

A poboación asalariada aumenta por quinto ano consecutivo nun cuarto trimestre ata se situar en 873 300 persoas no 2018 (son o 80 % da poboación ocupada), mentres que a poboación ocupada o fixo por cuarto ano consecutivo.

No último ano (4.º trimestre de 2018-4.º trimestre de 2017), o número de persoas asalariadas aumentou en 34 400, un 4,10 % (o total da poboación ocupada fixoo un 3,06 %).

O incremento do emprego asalariado rexistrado no 2018 (tanto en cifras absolutas como relativas) foi o maior dos últimos cinco anos analizados, pero aínda hai 48 700 persoas menos traballando por conta allea ca hai dez anos (-5,28 %). Das 108 300 persoas menos que hai traballando en comparación co cuarto trimestre de 2008, o 45 % son asalariadas.

TÁBOA 5. POBOACIÓN OCUPADA E ASALARIADA

IV trimestre	Poboación ocupada		Poboación asalariada	
	Poboación	Variación anual	Poboación	Variación anual
2008	1.196.400	—	922.000	—
2009	1.142.200	-4,53 %	893.400	-3,10 %
2010	1.097.000	-3,96 %	852.000	-4,63 %
2011	1.080.400	-1,51 %	847.000	-0,59 %
2012	1.033.800	-4,31 %	793.500	-6,32 %
2013	1.002.600	-3,02 %	778.300	-1,92 %
2014	1.000.400	-0,22 %	786.100	+1,00 %
2015	1.032.500	3,21 %	812.300	+3,33 %
2016	1.049.600	1,66 %	825.200	+1,59 %
2017	1.055.800	0,59 %	838.900	+1,66 %
2018	1.088.100	3,06 %	873.300	+4,10 %

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

No último ano creouse emprego por conta allea en todas as ramas de actividade analizadas (táboa 6), agás nas seguintes en que baixou a poboación asalariada: industria extractiva (-17,2 %), pesca e acuicultura (-13,8 %), enerxía, subministración de auga e xestión de residuos (-2,1 %), industria manufactureira (-0,8 %) e educación (-0,3 %). As ramas de actividade en que máis aumentou en proporción a poboación asalariada son as seguintes: actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (+14,7 %), agricultura, gandería, caza e silvicultura (+7,6 %), comercio por xunto e ao retallo e reparación de vehículos de motor e motocicletas (+6,9 %) e construción (+6,9 %).

TÁBOA 6. POBOACIÓN ASALARIADA POR RAMAS DE ACTIVIDADE

Ramas de actividade	4º trim. 2018	4º trim. 2017
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	15.600	14.500
Pesca e acuicultura	10.000	11.600
Industrias extractivas	4.800	5.800
Industria manufactureira	140.300	141.400
Enerxía, subministración de auga e xestión de residuos	9.500	9.700
Construción	45.200	42.300
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación vehículos de motor e motocicletas	133.100	124.500
Transporte e almacenamento	42.800	40.600
Hostalería	54.700	52.900
Activ. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	120.900	105.400
Admón. pública e defensa; seguridade social obrigatoria	74.900	74.700
Educación	63.000	63.200
Actividades sanitarias e de servizos sociais	94.100	89.300
Resto de servizos	64.500	62.900
Total	873.300	838.900

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

Atendendo ao sector (táboa 7), no cuarto trimestre de 2018, o 21,8 % da poboación asalariada pertencía ao sector público e o restante 78,2 % ao privado. No primeiro, a poboación asalariada aumenta un 1,06 % no cuarto trimestre de 2018 respecto ao mesmo trimestre do ano anterior (2000 persoas asalariadas máis); no privado fíxoo un 5,00 % (32 500 máis). No sector privado é o maior incremento anual desde que se iniciou a recuperación do emprego por conta allea, pero no sector público creouse moito menos emprego ca o ano anterior (no cuarto trimestre de 2017 créronse 10 500 empregos por conta allea nese sector en relación co mesmo período do ano anterior, un 5,90 %).

TÁBOA 7. POBOACIÓN ASALARIADA POR TIPO DE SECTOR

IV TRIMESTRE	SECTOR PRIVADO	SECTOR PÚBLICO	TOTAL
2008	732.700	189.200	922.000
2009	701.100	192.200	893.400
2010	650.400	201.600	852.000
2011	644.300	202.700	847.000
2012	612.100	181.500	793.500
2013	597.400	181.000	778.300
2014	605.500	180.600	786.100
2015	626.700	185.600	812.300
2016	647.300	177.900	825.200
2017	650.400	188.400	838.900
2018	682.900	190.400	873.300

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

En termos anuais, no sector privado créase emprego asalariado nun cuarto trimestre por quinto ano consecutivo, elevándose o número de persoas asalariadas ata 682 900. Aínda así, son 49 800 menos (-6,80%) das que había no mesmo trimestre de 2008.

No sector público traballaban 190 400 persoas no cuarto trimestre de 2018; é a cifra máis alta do período 4.º trimestre de 2012-4.º trimestre de 2018. Pero, en comparación co 2011 (cando se alcanzou a cifra máis alta da última década) hai 12 300 persoas empregadas menos no sector público, un 6,07 % menos.

Polo tipo de contrato (táboa 8), **nos últimos cinco anos creáronse 95 000 empregos por conta allea, pero deles o 54 % foron temporais** (51 400), o que empurrou a que a taxa de temporalidade (n.º persoas asalariadas con contrato temporal/n.º total de persoas asalariadas) subise do 22,5 % no cuarto trimestre de 2013 ao 26,0 % no mesmo trimestre de 2018.

Desde que empezou a recuperación do emprego por conta allea, a taxa de temporalidade subiu decontino, agás no último ano. En 2018, en proporción, medrou máis o emprego indefinido ca o temporal (+5,26 % fronte ao +0,98 %) e a taxa de temporalidade baixou 0,8 puntos porcentuais ata situarse no 26,0 % no cuarto trimestre de 2018.

TÁBOA 8. POBOACIÓN ASALARIADA POR TIPO CONTRATO

IV trimestre	Poboación asalariada	Indefinida	Temporal	Taxa de temporalidade
2013	778.300	602.900	175.400	22,5 %
2014	786.100	596.400	189.600	24,1 %
2015	812.300	605.200	207.100	25,5 %
2016	825.200	605.200	220.000	26,7 %
2017	838.900	614.200	224.600	26,8 %
2018	873.300	646.500	226.800	26,0 %

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

Por sexos, no cuarto trimestre de 2018 traballaban por conta allea 433 300 mulleres (o 49,6 % da poboación asalariada) fronte a 440 000 homes. Nos últimos cinco anos creáronse 45 500 empregos por conta allea entre as mulleres, pero deses 26 000 foron temporais, fronte 49 500 entre os homes, dos cales 25 400 foron temporais.

A taxa de temporalidade feminina é 2,7 puntos porcentuais máis alta ca a masculina: no cuarto trimestre de 2018 tiñan unha relación laboral temporal o 27,3 % das asalariadas fronte ao 24,6 % dos asalariados (ver táboa 9).

No último ano, a taxa de temporalidade só baixou nas mulleres (-1,9 puntos porcentuais), mentres que nos homes aumentou 0,2 puntos porcentuais. Nese período, nas mulleres medrou o emprego indefinido en detrimento do temporal (20 900 indefinidas máis fronte a 2700 temporais menos), mentres que nos homes, en

proporción, aumentou máis o emprego temporal ca o indefinido: 4800 temporais máis (un 4,6 %) fronte a 11 400 indefinidos máis (un 3,6 %).

TÁBOA 9. TAXA DE TEMPORALIDADE SEGUNDO O SEXO

IV trimestre	Homes	Mulleres	Total
2013	21,2%	23,9%	22,5%
2014	23,4%	24,9%	24,1%
2015	23,6%	27,5%	25,5%
2016	25,0%	28,4%	26,7%
2017	24,4%	29,2%	26,8%
2018	24,6%	27,3%	26,0%

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

Por grupos de idade, o colectivo máis castigado pola temporalidade é a mocidade. No cuarto trimestre de 2018 traballaban por conta allea 112 800 persoas menores de 30 anos (5400 máis ca un ano antes), das cales o 57,5 % tiñan un contrato temporal.

Atendendo ao tipo de sector (público ou privado), o traballo por conta allea no privado rexistra maior temporalidade ca no público. No cuarto trimestre de 2018, traballa no sector privado o 78 % da poboación asalariada de Galicia e a súa taxa de temporalidade é do 26,5 % fronte ao 23,9 % no sector público.

Poboación parada

No cuarto trimestre de 2018 baixaba o paro en 33 200 persoas en relación co cuarto trimestre de 2017 (-18,2 %). É a maior diminución nun cuarto trimestre desde que comezou a baixar o paro, tanto en cifras absolutas como relativas. Por sexos, hai 19 000 parados menos ca hai un ano (-20,7 %) e 14 300 paradas menos (-15,8 %).

TÁBOA 10. POBOACIÓN PARADA

IV trimestre	Poboación parada	Taxa de paro
2007	96.400	7,5 %
2008	127.700	9,6 %
2009	167.600	12,8 %
2010	203.000	15,6 %
2011	239.800	18,2 %
2012	276.900	21,1 %
2013	280.900	21,9 %
2014	263.800	20,9 %
2015	222.700	17,7 %
2016	204.200	16,3 %
2017	182.100	14,7 %
2018	148.900	12,0 %

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

A creación de emprego, aínda que sexa precario, e a caída da poboación activa reflectíronse na baixada do paro desde 280 900 persoas no cuarto trimestre de 2013 (o 21,9 % da poboación activa) ata 148 900 cinco anos despois (o 12,0 % da poboación activa). En cinco anos saíron das estatísticas do paro unhas 132 000 persoas (segundo a EPA) pero a poboación ocupada só aumentou en 85 500.

A cifra de paro actual segue sendo moi alta e aínda está moi por riba da rexistrada antes da crise. No cuarto trimestre de 2007 había 96 400 persoas no paro (52 500 menos ca once anos despois) e a taxa de paro estaba no 7,5 % (fronte ao 12,0 % once anos despois).

Segundo o sexo, **no cuarto trimestre de 2018 había 76 200 paradas** (son o 51 % da poboación parada) e **72 700 parados**. A taxa de paro das mulleres era 1,5 puntos porcentuais superior á dos homes: estaban no paro o 12,8 % das activas fronte ao 11,3 % dos activos.

A taxa de paro máis alta dáse na xuventude: o 21,5 % das persoas activas de entre 16 e 29 anos estaban no paro no cuarto trimestre de 2018 (esa porcentaxe baixa ata o 12,0 % sobre o total da poboación activa de Galicia). Segundo o sexo, a taxa de paro estaba no 22,9 % nos homes menores de 30 anos e no 19,8 % no caso das mulleres.

Das 148 900 persoas paradas que había no cuarto trimestre de 2018, estaban encadradas no paro de longa duración 61 200 (o 41,1 % das persoas desempregadas). O 90 % das persoas paradas de longa duración tiñan experiencia laboral.

Por sexos, as mulleres son maioría no paro e, sobre todo, no de longa duración. Das 61 200 persoas en paro de longa duración que había no cuarto trimestre de 2018, o 53,6 % eran mulleres (32 800).

Por grupos de idade (táboa 11), **máis da metade das persoas paradas de longa duración teñen 45 ou máis anos** (o 54 %). O paro de longa duración é maioritario nas franxas de maior idade: dos 45 aos 54 anos, o 50,7 % das persoas paradas están encadradas no paro de longa duración; a porcentaxe sobe ata o 62,7 % nas que teñen 55 ou máis anos.

TÁBOA 11. POBOACIÓN PARADA DE LONGA DURACIÓN POR GRUPOS DE IDADE.

Grupos de idade	Poboación parada IV trimestre 2018	Paro longa duración IV trimestre 2018	(Paro longa durac./total poboac. parada)*100
De 16 a 24 anos	16.400	2.800	17,1%
De 25 a 34 anos	35.800	11.800	33,0%
De 35 a 44 anos	37.400	13.900	37,2%
De 45 a 54 anos	35.700	18.100	50,7%
De 55 ou máis anos	23.600	14.800	62,7%
Total	148.900	61.200	41,1%

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA.

No cuarto trimestre de 2018, o 34,0 % das persoas en paro levaban dous ou máis anos buscando un posto de traballo (en cifras absolutas, eran 50 700 persoas paradas de moi longa duración).

Poboación activa

No último ano, a poboación activa non caeu de forma moi significativa, pero Galicia xa vén arrastrando a súa perda sete anos consecutivos. **O número de persoas activas baixou en 900 no cuarto trimestre de 2018 con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior (-0,1 %).** Por sexos, diminuíu entre os homes (2300 activos menos fronte a 1400 activas máis).

En sete anos, 83 200 persoas deixaron de participar no mercado laboral. Delas, o 72 % son homes (59 700). Por grupos de idade, a perda de poboación activa concentrouse en menores de 40 anos (unhas 167 500 persoas activas menos fronte a unhas 84.600 persoas activas máis de 40 ou máis anos).

TÁBOA 12. POBOACIÓN ACTIVA POR SEXO

IV trimestre	Poboación activa	Homes	Mulleres
2008	1.324.100	722.800	601.200
2009	1.309.800	709.500	600.300
2010	1.300.100	701.200	598.800
2011	1.320.200	700.700	619.400
2012	1.310.700	693.900	616.900
2013	1.283.500	675.600	608.000
2014	1.264.300	663.700	600.600
2015	1.255.200	655.700	599.500
2016	1.253.800	656.800	597.000
2017	1.237.900	643.300	594.600
2018	1.237.000	641.000	596.000

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA.

A taxa de actividade (porcentaxe do total de persoas activas sobre a poboación de 16 ou máis anos) **era do 53,0 % no cuarto trimestre de 2018, porcentaxe que coincide coa do mesmo período do ano anterior. Esa taxa de actividade é a máis baixa nun cuarto trimestre da última década.**

A taxa de actividade dos homes é a máis baixa desde que existen estatísticas (ano 1996): 57,4 % no cuarto trimestre de 2018; dez anos antes estaba no 62,8 %.

A taxa de actividade das mulleres era do 48,9 % no cuarto trimestre de 2018 (aumentou unha décima en relación co cuarto trimestre de 2017) fronte ao 49,5 % que alcanzaba nos cuartos trimestres de 2011 e 2012 (cando se acadou a taxa de actividade máis elevada das mulleres desde que existen estatísticas).

Malia esa evolución, a taxa de actividade das mulleres era inferior á dos homes en 8,5 puntos porcentuais no cuarto trimestre de 2018.

TÁBOA 13. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXO

IV trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008	55,0 %	62,8 %	47,9 %
2009	54,4 %	61,5 %	47,8 %
2010	54,0 %	60,8 %	47,8 %
2011	54,9 %	60,9 %	49,5 %
2012	54,8 %	60,6 %	49,5 %
2013	54,0 %	59,3 %	49,1 %
2014	53,5 %	58,6 %	48,7 %
2015	53,3 %	58,2 %	48,9 %
2016	53,4 %	58,4 %	48,7 %
2017	53,0 %	57,6 %	48,8 %
2018	53,0 %	57,4 %	48,9 %

Fonte: elaboración propia sobre datos da EPA

Fogares

En termos anuais, o número de fogares con algunha persoa en paro diminúe no cuarto trimestre de 2018 por quinto ano consecutivo. Con respecto ao cuarto trimestre de 2013 (cando se chegou á cifra máis elevada de fogares con algunha persoa en paro nun cuarto trimestre), hai 41.700 fogares menos con todos os activos en paro (11.900 no último ano) e os que teñen ocupados e parados baixaron en 61 100 (13 500 no último ano).

Malia o descenso, **no cuarto trimestre de 2018 había 739 000 fogares en Galicia con, polo menos, un membro activo e no 18 % deses fogares estaba presente o paro: en 80 300 había ocupados e parados** (o 11 % do total de fogares con, polo menos, un activo) e en 54 200 só parados (o 7 %).

O 32,2 % das vivendas familiares de Galicia non contaban con ningún membro activo no cuarto trimestre de 2018; esa porcentaxe estaba no 30,0 % cinco anos antes.

De 1 089 600 fogares que había no cuarto trimestre de 2018, en 27 000 non había ningunha persoa perceptora de ingresos (fronte aos 17 400 nove anos antes) e **en 459 300 só unha persoa percibía algún ingreso económico** (fronte aos 380 100 no mesmo trimestre de 2009). O concepto de ingreso económico inclúe tanto o salario, como os diferentes tipos de pensións (xubilación, prexubilación, discapacidade...) ou prestacións por desemprego.

No mes de decembro de 2018, aumentou en termos anuais a afiliación á seguridade social en Galicia por quinto ano consecutivo, tempo que **minoraba a creación de emprego**.

A finais dese mes contabilizábanse 994.453 afiliacións, que son 19.660 máis ca no mes de decembro do ano anterior; en valores relativos, isto supón un incremento do 2,0 %. Un ano antes producíase un aumento do 2,2 % (20.553 afiliacións máis).

A cifra de ocupación creceu menos en Galicia ca na media estatal (+2,0 % fronte a +3,2 % en decembro de 2018 en relación co mesmo período do ano anterior). España alcanza a cifra de ocupación máis alta dos últimos once anos (18.914.563 afiliacións), en cambio, Galicia só logra poñerse nos niveis de hai nove anos.

Nos últimos doce meses subiu a afiliación en ambos os sexos, pero máis nas mulleres (10.088 mulleres máis e 9.570 homes máis). Por grupos de idade, a afiliación baixou no tramo de 30 e 39 anos (7.599 afiliacións menos ca en decembro de 2017); nos restantes tramos analizados aumentou.

En relación co mes de decembro de 2017, o réxime xeral propiamente dito sumou 21.510 afiliacións (exclúese o réxime especial agrario e o do fogar); o réxime agrario, 176 e o réxime do mar, 105. Pola contra, o réxime de autónomos e o do fogar perderon 1681 e 450 afiliacións, respectivamente.

Por sectores económicos, todos gañaron afiliacións agás o primario (agricultura e pesca) que perdeu 966. En proporción, o maior incremento deuse na construción.

Entre as ramas que presentaron maior aumento están as seguintes: educación (4818 afiliacións máis, +10 %), programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática (1901 afiliacións máis, +21,3 %), almacenamento e actividades anexas ao transporte (1224 afiliacións máis, +11,9 % máis), actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas (1085 afiliacións máis, +8,6 %) e actividades postais e de correos (357 afiliacións máis, +8,4 %). Pola contra, entre as que se perde máis afiliación destacan a rama de administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria (1260 afiliacións menos, -2,2 %), telecomunicacións (717 menos, -18,5 %), actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico (475 menos, un -1,7 %) e confección de roupa de vestir (394 menos, -4,3 %).

Na táboa 14 desagrégase a cifra de afiliación á seguridade social do mes de decembro de 2018 por sexos, idade, réxime e sector económico. A modo de comparación tamén se recollen as cifras do mes de decembro de 2017.

TÁBOA 14. AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL (ÚLTIMO DÍA DO MES)

Mes	Afiliações		Variac. 2018/2017	% sobre total afiliación	
	2018	2017	%	2018	2017
Decembro	2018	2017	%	2018	2017
Sexo					
Homes	512.197	502.627	+1,90%	51,51 %	51,56 %
Mulleres	482.253	472.165	+2,14%	48,49 %	48,44 %
Non consta	3	1	—	—	—
Ambos os sexos	994.453	974.793	+2,02%	100,00 %	100,00 %
Idade					
Menores de 30 anos	115.082	114.161	+0,81%	11,57 %	11,71 %
De 30 a 39 anos	239.929	247.528	-3,07%	24,13 %	25,39 %
De 40 a 49 anos	312.484	302.021	+3,46%	31,42 %	30,98 %
De 50 a 59 anos	243.102	232.410	+4,60%	24,45 %	23,84 %
De 60 ou máis anos	83.850	78.664	+6,59%	8,43 %	8,07 %
Non consta	6	9	—	—	—
Réximes					
Xeral (agás agrario e fogar)	730.445	708.935	+3,03%	73,45 %	72,73 %
Agrario	5.165	4.989	+3,53%	0,52 %	0,51 %
Fogar	26.815	27.265	-1,65%	2,70 %	2,80 %
Autónomo	211.182	212.863	-0,79%	21,24 %	21,84 %
Mar	20.846	20.741	+0,51%	2,10 %	2,13 %
Sectores					
Agricultura e pesca	58.345	59.311	-1,63%	5,87 %	6,08 %
Industria	139.929	137.614	+1,68%	14,07 %	14,12 %
Construción	75.020	72.578	+3,36%	7,54 %	7,45 %
Servizos	720.346	704.379	+2,27%	72,44 %	72,26 %
Non tipificados	813	911	—	—	—

Fonte: elaboración propia sobre datos do IGE

O sistema gañou 88 779 afiliacións nos últimos cinco anos, pero aínda falta recuperar 77 437 para alcanzar a cifra de decembro de 2007 (1 071 890 afiliacións).

O número de mulleres afiliadas á Seguridade Social supera os valores de decembro de 2007 (en decembro de 2018 había 12 409 afiliadas máis pero 89 845 afiliados menos ca once anos antes). Con todo, segue habendo menos ocupación para as mulleres: a finais de decembro de 2018, representaban o 48,5 % do total da afiliación á seguridade social.

Por grupos de idade, en relación a hai once anos, hai 104 809 afiliacións máis de persoas con 40 ou máis anos fronte a 182 177 menos entre menores desa idade, o que se traduce nunha poboación ocupada máis envellecida. As persoas menores de 30 anos representaban o 20,8 % da poboación afiliada en decembro de 2007; once anos despois só representan o 11,6 %.

Perfil das persoas afiliadas á seguridade social

A maioría de persoas afiliadas á seguridade social son homes: o 51,51% en decembro do 2018. O colectivo con máis peso na afiliación é adoito o de persoas 40 a 44 anos, pertencente ao réxime xeral (exclúese o agrario e fogar), encadradas nos servizos e, concretamente, na rama do comercio ao retallo, salvo o de vehículos de motor e motocicletas (ver a táboa 15).

TÁBOA 15. COLECTIVOS CON MÁIS PESO NA AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións á SS	Conceptos máis frecuentes	% sobre total	decembro 2018
Sexo	Homes	51,51%	Último día mes
Grupo de idade	40 a 44 anos	16,41%	Último día mes
Réxime	Xeral (excluído agrario e fogar)	73,45%	Último día mes
Sector	Servizos	72,44%	Último día mes
Rama actividade	Comercio ao retallo, agás vehículos motor e motocic.	10,83%	Último día mes

Fonte: elaboración propia sobre datos do IGE

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

No ano 2018 rexistrouse o récord de contratos desde que existen estatísticas: **1 082 126**. Pero só o **5,81 %** foron indefinidos a xornada completa. Esa enorme cantidade de contratos é indicativa da elevadísima temporalidade e dos altos niveis de rotación que existen no noso mercado laboral.

A esaxerada rotación laboral é un trazo característico da precariedade. No ano 2018 formalizáronse 983 529 contratos temporais e cada persoa asalariada temporal asinou de media 4,29 contratos, o cociente máis elevado dos últimos anos e moi superior ao que se rexistraba antes das reformas laborais dos anos 2010 e 2012 (ver táboa número 16).

TÁBOA 16. ÍNDICE DE ROTACIÓN LABORAL

Ano	Contratos temporais	Poboación asalariada temporal	Índice de rotación
2008	706.093	279.900	2,52
2009	616.089	238.200	2,59
2010	620.612	216.000	2,87
2011	617.807	208.700	2,96
2012	610.236	185.700	3,29
2013	652.987	176.700	3,70
2014	724.404	182.900	3,96
2015	812.995	203.500	4,00
2016	872.891	214.400	4,07
2017	940.169	223.300	4,21
2018	983.529	229.000	4,29

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE e do IGE

Por terceiro ano consecutivo medrou máis a contratación indefinida que a temporal pero, aínda así, 983 529 contratos rexistrados en 2018 foron temporais (o 90,89 % da contratación acumulada en 2018)

A temporalidade é elevada en ambos os sexos pero máis nas mulleres: o 91,46 % dos contratos asinados por mulleres e 90,37 % no caso dos homes.

Tres tipos de contratos abranguen ao pé do 89 % da contratación acumulada en 2018: os eventuais por circunstancias da produción (48,6 %) os de obra ou servizo (31,6 %) e os de interinidade (o 8,6 %).

A contratación indefinida aumentou un 22,0 % no 2018 (+13,4 % no 2017). En proporción, medrou máis o número de contratos que se converteron en indefinidos que o de indefinidos iniciais (+29,1 % e +17,1 %, respectivamente). O 44 % dos contratos indefinidos rexistrados no 2018 procede de conversións.

Con todo, a contratación indefinida segue a ser irrelevante: 98 597 contratos no 2018 que só representaban o 9,11 % sobre o total dos rexistrados.

Canto ao tipo de xornada dos contratos indefinidos, **de 1 082 126 rexistrados no 2018, só o 5,81 % foron a xornada completa**. Esa porcentaxe é moi desemeillante segundo o sexo: o 4,14 % formalizáronse con mulleres e o 7,34 % con homes.

A xornada parcial ten unha clara marca de xénero. Dos 28.844 contratos indefinidos a xornada parcial rexistrados durante o ano 2018, o 69,47 % foron para mulleres. Así pois, o 45,29 % dos contratos indefinidos asinados por mulleres foron a xornada parcial, porcentaxe que baixa ata o 16,20 % nos homes (ver táboa 17).

TÁBOA 17. CONTRATOS INDEFINIDOS NO 2018 POR SEXO E TIPO DE XORNADA

Tipo de xornada	Homes	Mulleres	Total
Xornada completa	41.448	21.419	62.867
Xornada parcial	8.807	20.037	28.844
Fixos discontinuos	4.101	2.785	6.886
Contratos indefinidos	54.356	44.241	98.597

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

Na táboa 18 desagregáanse por sexo e tipo os contratos rexistrados no ano 2018.

TÁBOA 18. CONTRATOS ACUMULADOS NO 2018 POR SEXO E MODALIDADE

Contratos acumulados	Homes	Mulleres	Total
Tipo de contrato			
Indefinido (bonificado/non bonificado)	30.240	24.517	54.757
Indefinido persoas con discapacidade	433	306	739
Convertidos en indefinidos	23.683	19.418	43.101
Contratos indefinidos	54.356	44.241	98.597
Obra ou servizo	203.569	138.753	342.322
Eventual circunstancias da produción	267.360	258.178	525.538
Interinidade	25.513	67.065	92.578
Temporal persoas con discapacidade	988	644	1.632
Remuda	502	544	1.046
Xubilación parcial	1.466	785	2.251
Substitución xubilación 64 anos	4	15	19
Prácticas	3.311	2.970	6.281
Formación	1.704	1.906	3.610
Outros contratos	5.602	2.650	8.252
Contratos temporais	510.019	473.510	983.529
Total contratos	564.375	517.751	1.082.126

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

CONTRATOS REXISTRADOS

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

O paro rexistrado baixou no ano 2018 por sexto ano consecutivo pero con máis moderación que en anos anteriores. Ao finalizar o mes de decembro, as oficinas dos Servizos Públicos de Emprego rexistraban 15 718 persoas paradas menos ca no mesmo período do ano anterior; en valores relativos, foi unha redución do 8,5 %. Un ano antes o descenso fora do 10,2 % (20 901 persoas paradas menos), en 2016 do 10,0 % (22 894 persoas menos) e en 2015 do 9,2 % (23 110 persoas menos).

No 2018 seguiu baixando máis o paro masculino ca o feminino (en decembro había 8115 parados menos e 7603 paradas menos ca no mesmo mes do 2017). Tamén baixou entre a poboación menor de 30 anos (2361 persoas paradas menos) e na de 30 ou máis anos (13 357 persoas paradas menos) pero, en proporción, o maior descenso produciuse na poboación xuvenil.

Tamén diminuíu en todos os sectores de actividade (8487 persoas paradas menos nos servizos, 3177 na construción, 2251 na industria, 1394 no colectivo sen emprego anterior e 409 no sector primario). En proporción, o maior descenso dáse de novo na construción (-17,5 %) e na industria (-10,3 %).

Malia a baixada do paro, en decembro de 2018 estaban desempregadas 169 295 persoas: 73 383 homes e 95 912 mulleres. O número de mulleres en paro retrocedeu case aos valores de 2007 (só se rexistran 20 paradas máis ca entón, fronte 14 293 parados máis), pero seguen sendo tendo máis presenza no paro: en decembro de 2018 supoñían o 56,65 % do paro rexistrado.

Máis da metade da poboación parada ao rematar ano tiña 45 ou máis anos (53,61 % do paro rexistrado). Dentro dese colectivo, as persoas paradas con 55 ou máis anos sumaban 46 023 e xuntaban o 27,19 % do paro rexistrado.

Canto á duración da demanda, 44 de cada 100 persoas paradas encádranse no paro de longa duración. Das 75 076 persoas paradas que levaban máis dun ano no paro o pasado mes de decembro, 52 766 buscanban un posto de traballo desde hai máis de dous anos (representaban o 31,17 % do paro rexistrado nese mes).

O 70 % das persoas que levaban procurando un posto de traballo máis dun ano (75 076 en decembro de 2018) tiñan 45 ou máis anos. Na franxa de idade de 55 a 64 anos estaban nesa situación 30 696 persoas e supoñían o 41 % de persoas que levaban no paro máis dun ano.

Na táboa 19 desagregase o paro rexistrado do mes de decembro de 2018 por sexo, idade, sector económico e tempo de busca de emprego. A modo de comparación tamén se recollen as cifras do mes de decembro de 2017.

TÁBOA 19. PARO REGISTRADO POR SEXO, IDADE, SECTOR ECONÓMICO
E TEMPO DE BUSCA DE EMPREGO

Mes	Paro rexistrado		Variac. 2018/2017	% sobre total paro rexistrado	
	2018	2017	%	2018	2017
Decembro					
Sexo					
Homes	73.383	81.498	-9,96 %	43,35 %	44,05 %
Mulleres	95.912	103.515	-7,34 %	56,65 %	55,95 %
Ambos os sexos	169.295	185.013	-8,50 %	100,00 %	100,00 %
Idade					
Menores de 30 anos	21.155	23.516	-10,04 %	12,50 %	12,71 %
De 30 a 44 anos	57.381	63.989	-10,33 %	33,89 %	34,59 %
De 45 a 54 anos	44.736	49.284	-9,23 %	26,42 %	26,64 %
De 55 ou máis anos	46.023	48.224	-4,56 %	27,19 %	26,07 %
Sectores					
Agricultura/pesca	6.583	6.992	-5,85 %	3,89 %	3,78 %
Industria	19.693	21.944	-10,26 %	11,63 %	11,86 %
Construción	14.963	18.140	-17,51 %	8,84 %	9,80 %
Servizos	113.949	122.436	-6,93 %	67,31 %	66,18 %
Sen emprego anterior	14.107	15.501	-8,99 %	8,33 %	8,38 %
Tempo busca emprego					
≤ 1 mes	19.511	20.079	-2,83 %	11,52 %	10,85 %
>1 mes ≤ 6 meses	55.105	56.819	-3,02 %	32,55 %	30,71 %
>6 meses ≤ 1 ano	19.603	23.374	-16,13 %	11,58 %	12,63 %
>1 ano	75.076	84.741	-11,41 %	44,35 %	45,80 %

Fonte: elaboración propia sobre datos do IGE

O número de inscricións nos servizos públicos de emprego é moi superior ao dato de paro rexistrado. En decembro de 2018 demandaban emprego 228 563 persoas, 59 268 máis que a cifra de paro rexistrado: 10.600 son demandantes non ocupadas e 48.668 demandantes ocupadas que buscan unha mellora de emprego, un emprego especializado ou teñen dispoñibilidade limitada).

Perfil das persoas paradas

O 56,7 % persoas paradas inscritas nas oficinas dos servizos públicos de emprego son mulleres. O perfil máis común da muller parada ten de 40 a 44 anos, demanda un emprego no sector dos servizos, en concreto, nas ramas da hostalaría e do comercio (esas dúas ramas xuntan o 32,8 % do paro rexistrado entre mulleres).

No caso dos homes, teñen un peso moi significativo no paro os de 55 a 59 anos e, por sección de actividade económica, os que demandan un emprego na construción (desa rama proceden o 18,2 % do paro rexistrado masculino).

TÁBOA 20. COLECTIVOS CON MÁIS PESO NO PARO REXISTRADO

Paro rexistrado	Conceptos máis frecuentes	% sobre o total	Data
Sexo	Muller	56,7 %	Decembro de 2018
Grupo de idade	Entre 55 e 59 anos	14,5 %	Decembro de 2018
Sector económico	Servizos	67,3 %	Decembro de 2018
Actividade económica	Comercio	13,8 %	Decembro de 2018
Grupo de ocupación	Servizos de restauración e comercio	19,6 %	Decembro de 2018
Estudos rematados	Ata certificado de escolaridade	41,6 %	Decembro de 2018
Duración da demanda	Menos de seis meses	43,5 %	Decembro de 2018

Fonte: elaboración propia sobre datos do IGE

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

A protección contra o desemprego mantense en niveis baixos. **En novembro de 2018 estaban rexistradas nas oficinas dos servizos públicos de emprego 155 604 persoas paradas con experiencia laboral, e só o 56,3 % percibían unha prestación por desemprego.** Esa taxa (n.º beneficiarias prestacións desemprego/n.º paradas con experiencia laboral) aumentou 2,6 puntos porcentuais no último ano, pero dista moito do 67,6 % de cobertura en novembro de 2011, cando se alcanzou o valor máis alto da serie analizada.

TÁBOA 21. TAXA DE COBERTURA DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

Novembro	Parados/as con experiencia laboral	Prestacións por desemprego	Taxa de cobertura
2011	225.390	152.414	67,6%
2012	252.842	161.565	63,9%
2013	248.941	156.076	62,7%
2014	228.312	128.451	56,3%
2015	206.706	110.815	53,6%
2016	186.803	98.059	52,5%
2017	170.729	91.607	53,7%
2018	155.604	87.611	56,3%

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

A porcentaxe de poboación parada con experiencia laboral que cobra unha prestación por desemprego aumentou no ano 2018 por segundo ano consecutivo nun mes de novembro. Aínda así, ese mes carecían de prestación por desemprego 67 993 persoas paradas con experiencia laboral e das 87 611 que percibían algún tipo de prestación, só 40 313 recibía unha prestación contributiva.

TÁBOA 22. PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO SEGUNDO A CLASE

Novembro	Contributiva	Subsidio	RAI	Prog. activación para o emprego	Total
2011	80.332	61.021	11.061	—	152.414
2012	84.679	64.889	11.997	—	161.565
2013	73.291	64.060	12.725	—	150.076
2014	55.911	59.308	13.232	—	128.451
2015	45.279	52.757	11.839	940	110.815
2016	40.535	45.630	11.181	713	98.059
2017	38.795	40.592	9.805	2.415	91.607
2018	40.313	39.351	7.878	69	87.611

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

Malia que no 2018 mellorou algo a calidade das prestacións por desemprego, **as contributivas en novembro de 2018 aínda representan só o 46,0 % do total fronte ao 54,0 % das asistenciais.** En novembro de 2012 (data da taxa de cobertura máis elevada da serie analizada), esas porcentaxes eran do 52,7 % e 47,3 %, respectivamente.

A contía dos subsidios por desemprego, da RAI e do Programa de activación para o emprego era duns 430 euros mensuais no 2018. Máis da metade de persoas beneficiarias de prestacións por desemprego en novembro de 2018 recibía algunha destas tres.

As prestacións contributivas (as de máis calidade) só chegaban ao 46 % de persoas protexidas polo sistema. O importe desta prestación varía en función da base reguladora do traballador/a (os 180 primeiros días de prestación cóbrase o 70 % da base reguladora e a partir do 181, o 50 %). No ano 2012, o Goberno recortou considerablemente esta prestación a partir do día 181, xa que antes da reforma percibíase o 60 % da base reguladora.

A contía media das prestacións contributivas por desemprego aumentou por cuarto ano consecutivo nun mes de novembro e alcanza os 789,8 euros no 2018 (supera nun 0,9 % a de 2017). Sete anos antes, estaba en 823,5 euros ao mes en Galicia.

O importe medio bruto da prestación contributiva é máis baixa en Galicia ca na media estatal: 789,8 euros fronte a 824,8 euros en novembro de 2018, o que supón unha diferenza de 35 euros (ver táboa 23).

TÁBOA 23. CONTÍA MEDIA DAS PRESTACIÓNS CONTRIBUTIVAS
POR DESEMPREGO

Novembro	Galicia	España
2011	823,5	860,7
2012	816,5	862,2
2013	784,2	828,2
2014	773,8	809,5
2015	775,2	807,5
2016	779,2	810,6
2017	782,4	818,9
2018	789,8	824,8

Fonte: elaboración propia con datos do SEPE. Datos en €/mes

En 2018 freouse o descenso do gasto en prestacións por desemprego pero en comparación co ano 2012 (tómase como referencia o mes de novembro) arrástrase unha perda do 49,8 %. Aquel ano achegouse unha dotación económica de 145.324.000 euros para esta finalidade; seis anos máis tarde, baixaba ata 72.969.000 euros.

Canto ao tipo de prestacións, as contributivas experimentaron a maior redución do gasto, un 53,9 % desde novembro de 2012. O gasto en subsidios por desemprego baixou un 38,7 % en comparación con hai seis anos e o da RAI, un 34,0 %.

TÁBOA 24. GASTO EN PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO POR TIPO

Novembro	Contributiva	Subsidio	RAI	Prog. activación para o emprego	Total
2011	101.302	31.673	4.753	—	137.728
2012	107.811	32.382	5.131	—	145.324
2013	90.962	31.399	5.347	—	127.708
2014	69.208	28.794	5.515	—	103.517
2015	55.991	25.760	5.027	422	87.200
2016	50.317	22.582	4.675	316	77.891
2017	47.477	20.418	4.215	968	73.078
2018	49.647	19.840	3.389	94	72.969

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE. Datos expresados en miles de euros

A brecha de xénero na protección por desemprego é duns 10 puntos porcentuais: a taxa de cobertura do sistema de protección por desemprego no mes de novembro de 2018 foi do 52,1 % nas mulleres e do 61,9 % nos homes.

TÁBOA 25. PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO POR TIPO, SEXO E IDADE

Novembro 2018	Prestación contributiva	Subsidio	RAI	Prog. activac. emprego	Total
Sexo					
Homes	18.821	19.063	3.686	36	41.606
Mulleres	21.492	20.288	4.192	33	46.005
Ambos os sexos	40.313	39.351	7.878	69	87.611
Idade					
16-19 anos	62	108	15	0	185
20-24 anos	1.735	782	73	0	2.590
25-29 anos	4.846	1.649	115	2	6.612
30-34 anos	5.958	2.422	166	5	8.551
35-39 anos	6.384	3.379	243	9	10.015
40-44 anos	6.234	3.867	292	10	10.403
45-49 anos	4.804	3.489	2.464	4	10.761
50-54 anos	3.956	3.425	2.423	22	9.826
55-59 anos	3.459	8.927	1.450	14	13.850
60 ou máis anos	2.875	11.303	637	3	14.818

Fonte: elaboración propia sobre datos do SEPE

No que atange á calidade das prestacións por desemprego atendendo ao sexo, as prestacións contributivas só chegan ao 46,7 % das mulleres en novembro de 2018. No caso dos homes, esa porcentaxe aínda é máis baixa, un 45,2 %.

Na distribución das prestacións por grupo de idade e tipo de prestación (novembro de 2018) as diferenzas son ben evidentes. As prestacións contributivas representaron o 70,8 % do total de prestacións percibidas por menores de 30 anos; o 64,1 % nas persoas de 30 a 44 anos e só o 30,6 % para as persoas de 45 ou máis anos.

Os subsidios por desemprego predominan no colectivo de 55 ou máis anos. O 70,6 % das persoas de 55 ou máis anos perceptoras dunha prestación por desemprego estaban recibindo un subsidio por desemprego. Das 20 230 persoas de 55 ou máis anos beneficiarias dun subsidio por desemprego, máis da metade eran homes (o 58 %).

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

No cuarto trimestre de 2018 creáronse 32 300 empregos en relación co mesmo trimestre do ano anterior (fronte a 6200 un ano antes), chegando o número de persoas ocupadas ata 1 088 100. En proporción, deuse un incremento do emprego moi similar en Galicia e na media estatal (un 3,06 % fronte ao 2,98 %).

Malia esa evolución, aínda hai 108 300 persoas menos traballando en Galicia ca hai dez anos (das cales, 91 200 son homes). Por outra banda, Galicia vai por detrás da media estatal na recuperación do emprego perdido.

No último ano creouse emprego na construción e, sobre todo, nos servizos, en detrimento do sector primario e da industria.

Polo tipo de xornada, en proporción **aumentou máis a poboación ocupada a xornada parcial que a da xornada completa.** Co que a representación da xornada parcial na ocupación incrementouse do 13,1 % no cuarto trimestre de 2017 ao 13,9 % un ano máis tarde. A xornada parcial é involuntaria na maioría dos casos: o 57 % das persoas que a aceptaron é porque non atoparon un traballo a xornada completa, mentres que só o 7 % afirmou non querer un traballo a xornada completa.

No cuarto trimestre de 2018 había 34 400 persoas máis traballando por conta allea que un ano antes (+4,10 %). **O emprego asalariado aumentou máis no sector privado ca no público (un 5,0 % fronte ao 1,1 %);** no primeiro colleu pulo a creación de emprego pero no segundo minorou en relación con hai un ano.

No último ano medrou máis a poboación asalariada con contrato indefinido ca con contrato temporal, polo que a taxa de temporalidade diminuíu ata o 26,0 % no cuarto trimestre de 2018 (un ano antes, a porcentaxe era do 26,8 %). **Non obstante, en cinco anos de recuperación de emprego asalariado creáronse 95 000 empregos, e máis da metade foron temporais (51 400) o que empurrou a que a taxa de temporalidade subira do 22,5 % no cuarto trimestre de 2013 ata o 26,0 % cinco anos despois.**

O número de persoas en paro baixou a 148 900 no cuarto trimestre de 2018 (son 33 200 menos ca no cuarto trimestre de 2017) que supoñen o 12 % da poboación activa (fronte ao 14,7 % un ano antes). **Desas persoas, 61 200 eran paradas de longa duración e supoñían o 41,1 % da poboación parada.**

No último ano non se produciu unha caída significativa da poboación activa (900 persoas activas menos, un -0,1 %) pero Galicia xa leva sete anos consecutivos arrastrando perda de poboación activa. En comparación con hai sete anos hai 83 200 persoas activas menos en Galicia o que, en cifras relativas, supón unha redución do 6,3 % mentres que a poboación en idade legal de traballar baixou un 2,8 %.

Esa perda de poboación activa dáse, sobre todo, nos homes (59 700 activos menos) e, por grupos de idade, nas persoas menores de 40 anos. Os homes rexistraron a taxa de

actividade máis baixa nun cuarto trimestre desde que existen estatísticas (ano 1996): 57,4 % no cuarto trimestre de 2018, pero aínda así a taxa de actividade das mulleres segue sendo inferior á dos homes en 8,5 puntos porcentuais.

A cifra de fogares con todos os seus membros activos en paro baixou en 11 900 no último ano e sitúase por baixo dos máximos alcanzados durante a recesión. Aínda así, no cuarto trimestre de 2018 había 54 200 fogares nesta situación (o 7 % do total de fogares con, polo menos, un activo). O número de fogares onde non hai ningunha persoa perceptora de ingresos económicos (salario, pensións ou prestacións por desemprego) baixou ata os 27 000 (5600 menos ca no cuarto trimestre de 2017) pero nove anos antes eran 17 400.

No ano 2018 rexistráronse 1 082 126 contratos, a cifra máis alta desde que existen estatísticas; pero só 5,81 % deles foron indefinidos a xornada completa. A enorme cantidade de contratos é indicativa da elevadísima temporalidade e dos altos niveis de rotación que existen no noso mercado laboral.

No ano 2018 formalizáronse 983 529 contratos temporais (o 90,89 % dos contratos rexistrados) e, polo tipo de xornada, 389 916 contratos a tempo parcial (o 36,03 % dos contratos rexistrados en 2018). A rotación laboral está en máximos: cada persoa asalariada temporal asinou de media 4,29 contratos, o cociente máis elevado da última década.

Rexístrase un número esaxerado de contratos temporais e, por riba, teñen unha duración moi curta que apenas se traducen en emprego. **Aproximadamente o 37,6 % dos contratos iniciais temporais asinados no cuarto trimestre de 2018 tiñan unha duración inferior á semana.**

En novembro de 2018 estaban rexistradas nas oficinas dos servizo públicos de emprego 155 604 persoas paradas con experiencia laboral, e só o 56,3 % percibía unha prestación por desemprego. Esa taxa aumentou en 2,6 puntos porcentuais no último ano pero a cobertura por desemprego segue en mínimos (en novembro de 2011 era do 67,6 %).

Malia que no 2018 mellorou algo a calidade das prestacións por desemprego, **as contributivas en novembro de 2018 representaban só o 46,0 % das prestacións por desemprego fronte ao 54,0 % das asistenciais.**

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

CONCLUSIONES

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

CONCLUSIONES



OFICINA DE EMPREGO

CRISE

FOLGA XE



comisións obreiras